

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Aprobación da oferta de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal do Concello de Cee

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Aprobación de oferta de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpre as previsións do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

EXPEDIENTE DECRETO: 2022/G003/000426

ANTECEDENTES:

Visto o informe do Departamento de Persoal, na que se especifica as prazas existentes para estabilización de emprego temporal.

Considerando os informes dos Departamentos de Intervención e Secretaría que obran no expediente.

Resultando que se efectuou previa negociación coa mesa xeral negociadora o día 19 de abril de 2022, resultando positiva sen intervención en contra.

Tendo en conta, a seguinte lexislación aplicable:

- O artigo 2, Disposición adicional primeira, cuarta, quinta e Sexta e Disposición transitoria primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- Os artigos 10, 11, 37, 69 e 70, e a Disposición Adicional Cuarta do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- O artigo 128 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Os artigos 91 e 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.–Aprobar a oferta de emprego público deste Concello para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, que contén as seguintes prazas:

PERSOAL LABORAL

DENOMINACION PLAZA	CATEGORÍA	Nº PLAZAS	SITUACIÓN LABORAL	SISTEMA DE ACCESO ESTABILIZACIÓN (D.A.6.ª LEI 20/2021)
PEON LIMPEZA DEPENDENCIAS	PEÓN	1	INDEFINIDO NON FIXO POR SENTENZA XUDICIAL OCUPADO	CONCURSO
PEÓN LIMPEZA VIARIA	PEÓN	1	INDEFINIDO NON FIXO SEN SENTENZA OCUPADO	CONCURSO
PEÓN CAFETERIA	PEÓN	1	INDEFINIDO NON FIXO SEN SENTENZA OCUPADO	CONCURSO
TÉCNICO OFICINA LABORAL	ORIENTADOR LABORAL	1	INDEFINIDO NON FIXO SEN SENTENZA OCUPADO	CONCURSO
COORDINADOR CENTRO SOCIAL	COORDINADOR	1	INDEFINIDO NON FIXO SEN SENTENZA OCUPADO	CONCURSO
RESPONSABLE CASA CULTURA AMEIXENDA	TECNICO	1	INDEFINIDO NON FIXO POR SENTENZA XUDICIAL OCUPADO	CONCURSO
ABOGADA CIM	ABOGADA	1	INDEFINIDO NON FIXO SEN SENTENZA OCUPADO	CONCURSO

SEGUNDO.–Publicar a oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Cee no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na sede electrónica deste Concello <https://cee.gal> e no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma correspondente, en cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases

deréxime local, e do artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

TERCEIRO.–A publicación da convocatoria para a cobertura das prazas incluídas na oferta para a estabilización temporal deberá ser antes do 31 de decembro de 2022 e a súa resolución antes do 31 de decembro de 2024.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, a 19 de abril de 2022.

Asinado

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

2022/2108